PARLAMENTO DE GALICIA

**[JCCP/MSGN]**

**Acta da sesión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do día 12 de novembro de 2024**

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, o día 12 de novembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**

Paula Mouzo Mas
(Presidenta, en funcións)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

**Vogais:**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**
María Deza Martínez
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
(en substitución de Raúl Santamaría González)
Nicole Grueira Fernández
(en substitución de Pablo Javier Prieto Perille)
María Dolores Hermelo Piñeiro
Noelia Pérez López
(en substitución de Patricia García González)
Manuel Santos Costa

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):**
Julio Ernesto Abalde Alonso
Carlos López Font

**Outros asistentes:**
Carmen María Pomar Tojo
**Preguntante:**
Lara Méndez López
**Comparecentes:**
Director xera de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Derectora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Presidente de Portos de Galicia
**Letrado:**
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta en funcións -Paula Mouzo Mas- abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

**Punto 1. Preguntas**

**1.1 8406 (12/POC-001510)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**
**Sobre a contía e os obxectivos dos acordos de colaboración asinados entre a Consellería do Mar e Anfaco-Cecopesca, a Organización Interprofesional Pesqueira Interfish-España, a Asociación Clúster Alimentario de Galicia e a Fundación Nueva Pescanova**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024***

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P)**, quen pasa a expoñer as razóns nas que se basea esta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Antonio Basanta Fernández**.

En rolda de réplica o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P),** agradece o detalle das explicacións recibidas que comenta brevemente.

Pécha o debate desta pregunta o **director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica,** que engade máis datos a respecto do tema obxecto deste debate.

*A Presidencia agradece a presenza e colaboración do director xeral cos traballos da Comisión e autorízao a abandonar a sesión, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.*

**1.2 10171 (12/POC-001737)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**
**Sobre a contía dos orzamentos destinados á modernización e mellora das infraestruturas dos portos pesqueiros, que se enmarcan no Plan de equipamentos pesqueiros de Galicia 2030 e no Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 10.09.2024***

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña.**

En rolda de réplica a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P),** agradece a información aportada pola señora directora xeral, sobre a que expón novas consideracións.

A **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde Acuña,** pecha o debate da iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención e respondendo ás consideracións formuladas pola señor deputada.

**1.3 13073 (12/POC-002094)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e Prado Cores, María Montserrat**
**Sobre a caída da produtividade nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, os estudos realizados pola Xunta de Galicia co fin de coñecer a súa orixe e as actuacións que prevé levar a cabo nesta materia**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102f3, do 17.10.2024***

A **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** expón os motivos nos que se basean as cuestións concretas que se formulan na iniciativa e que están publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle a **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), Marta Villaverde Acuña.**

En rolda de réplica, a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** manifesta o seu desacordo coas valoracións e datos aportados pola señora directora xeral, sobre os que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da **señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,** quen, logo de rebater algunhas das afirmacións realizadas pola señora deputada, puntualiza e amplía a información facilitada na súa anterior intervención.

PARLAMENTO DE GALICIA

*A Presidencia agradece a presenza da señora Villaverde Acuña nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.*

**1.4 13107 (12/POC-002109)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e 2 máis**
**Sobre as peticións do Concello de Foz á Xunta de Galicia referidas á cesión e ao uso de terreos portuarios**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102f3, do 17.10.2024***

A **señora Méndez López, Lara (S),** expón os motivos nos que se basea esta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **señor presidente do Ente Público Portos de Galicia (Consellería de Pesca), José Antonio Álvarez Vidal.**

Na rolda de réplica a **señora Méndez López, Lara (S)**, incide na importancia desta iniciativa logo de matizar algunhas das argumentacións expostas polo señor Álvarez Vidal e sobre as que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **señor presidente do Ente Público Portos de Galicia, José Antonio Álvarez Vidal,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

*A señora presidenta agradece a presenza e colaboración do señor Álvarez Vidal cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

**2.1 11995 (12/PNC-001145)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos**
**Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar respecto da regulación dos procesos de baleirado dos encoros das bacías hidrográficas de competencia autonómica**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024***

O **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** procede á defensa da iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia informa que a esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, intervén en primeiro lugar a **señora Pérez Fernández, Rosana (BNG),** que xustifica o apoio do seu grupo parlamentario á proposición non de lei defendida

Nesta mesma rolda intervén por parte do **G.P. Popular de Galicia** o **señor Fernández Rosende, Jesús María,** quen, logo de matizar moitas das afirmacións realizadas pola voceira e polo voceiro que o precederon no uso da palabra, motiva o posicionamento do seu grupo en contra da proposta de referencia.

O **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto Rey (S),** fai uso da rolda de puntualización para incidir na importancia da iniciativa, logo de amosarse en desacordo con moitas das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario.

**2.2 12606 (12/PNC-001197)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Ríos Santomé, Paulo e Pérez Fernández, Rosana**
**Sobre as accións que o Goberno galego debe levar adiante verbo do mantemento e conservación dos espazos portuarios do concello de Bueu**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102f1, do 17.10.2024***

O **señor Ríos Santomé, Paulo (BNG),** explica os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor López Font, Carlos (S),** para posicionarse a favor da proposición non de lei defendida.

*Auséntase da sala a señora Pérez López, Noelia e incorpórase á mesma a señora Pomar Tojo, Carmen María.*

Nesta mesma rolda o **señor Santos Costa, Manuel (P),** tras rexeitar moitas das argumentacións expostas polo propoñente, defende a postura da Xunta de Galicia.

Na rolda de puntualizacións o **señor Ríos Santomé, Paulo (BNG)**, expón diversas discrepancias coa intervención do voceiro do grupo maioritario e agradece o apoio amosado polo voceiro do G.P. dos Socialistas de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

**2.1 11995 (12/PNC-001145),** do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

**Votos a favor:..... 7 (BNG+S)**
**Votos en contra: ..... 9 (P)**
**Abstencións: ..... 0**

**2.2 12606 (12/PNC-001197),** do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

**Votos a favor:..... 7 (BNG+S)**
**Votos en contra: ..... 9 (P)**
**Abstencións: ..... 0**

Ao non haber máis asuntos que tratar, a señora presidenta agradece o traballo dos grupos parlamentarios e dos servizos da Cámara e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:50 horas.

Paula Mouzo Mas

Firmado digitalmente por Paula Mouzo Mas
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Paula Mouzo Mas, c=ES, email=paula.mouzo.mas@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.12.10 13:10:14 +01'00'

**V. e p.**
**Paula Mouzo Mas**
**Presidenta en funcións da Comisión**

Carmela González Iglesias

Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2024.12.10 12:50:55 +01'00'

**Carmela González Iglesias**
**Secretaria da Comisión**